

TAREFAS SEMANA DO 19 Ó 23 DE OUTUBRO.



Esta semana vouvos propoñer uns retos moi relacionados coa estación do ano na que estamos "O OUTONO", espero que o pasedes moi ben e disfrutedes con eles.



Comenzaremos por un **RETO DE LECTOESCRITURA**

Estate moi atentos porque este reto consta de resolver unha adiviña e ahí vos vai!! Unha vez a adiviñedes podedes facer o debuxo, escribir o nome e ata copiar a adiviña.

SON DE COR CHOCOLATE
ÁBRENSE COA CALOR
E SE AS BOTAS AO LUME
ESTOUPAN CON GRAN SABOR

E se con un conto queredes disfrutar e xa que estamos achegándonos ó Samaín premede no enlace e veredes " FIZ COLECCIONISTA DE MEDOS"

<https://youtu.be/a77SGORhJ54>

E unha vez visto o conto se vos apetece podedes falar coa vosa familia dos vosos medos e facer un debuxo.

Seguro que superastes o reto así que agora ímonos divertir co

RETO DE LÓXICO-MATEMÁTICA



Para iso empregaremos froitas, hortalizas e verduras que teñades pola casa para clasificalas de diferentes xeitos:

- Por cores
- Por tamaños
- Por tipos(fixándonos nas súas características)


E ata podedes xogar a facer series coma por exemplo: limón-naranja-limón-naranja... Comenzaredes por unha serie sinxeliña para despois complicalo máis. Tede en conta as etapas de cada neno ou nena.

E como xa traballastes dabondo propóñovos pasalo ben aproveitando a nosa creatividade



RETO ARTÍSTICO

Como xa traballamos coas froitas e verduras este reto consistirá en facer un creación artística con elas como por exemplo estas que vos amoso pero seguro que as vosas están moito máis chulas.



E PARA REMATAR UN POUCO DE RITMO ...



RETO MUSICAL

Invítovos a bailar e pasalo ben en familia coa Canción "OUTONO" da man de Uxía Lambona e a Banda Molona

<https://youtu.be/79-6l4A1nII>

